

As lendas como nexos sociais

- 1.- Por medio das lendas, as persoas poden establecer uns lazos de dependencia con outras persoas e con outras épocas.
- 2.- Poden xerar unhas relacións de confianza que as leve a sentirse seguras nun momento, o presente, no que a modernidade fomenta o individualismo e a homoxeneización mediante a capitalización das relacións sociais.
- 3.- O papel das lendas como nexos sociais, pon en valor ás culturas premodernas, ás sociedades tradicionais. Nestas, os tempos e os espazos que gozaran dunha certa carga simbólica, contribuían a forzar a biografía non só de cada un dos membros da comunidade, senón tamén do pobo en si mesmo.
- 4.- Esta actitude na que o “eu” se ía construindo reflexivamente a si mesmo, pode seguir tendo vixencia a través do mantemento e coñecemento das lendas enraizadas no pobo.
- 5.- Para que estes enlaces co pasado (as lendas) non caian no esquecemento, cómpre que as recollan as xeracións presentes, as poñan en valor, e llas transmitan ás xeracións futuras.
- 6.- O mantemento testemuñado deses nexos sociais, contribuirá a que as xeracións vindeiras non cedan ó desarraigo que supón o distanciamento espazo-temporal, introducido pola modernidade, con respecto á época tradicional.
- 7.- Esa permanencia no tempo das lendas e a súa transmisión, tamén contribuirán a **erixir e fortalecer unha sociedade que teña significado para os seus membros**; unha sociedade na que o seu pasado goce de valor nun presente sobre o que levantar o seu futuro.